

**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E CÁRITAS
DIOCESANA DE OURENSE PARA O MANTEMENTO DUN DISPOSITIVO PARA A ATENCIÓN E
ACOLLIDA DE MULLERES VÍTIMAS DE EXPLOTACIÓN SEXUAL E TRATA**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de xaneiro de 2025.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a entidade Cáritas Diocesana de Ourense para o financiamento dos gastos correntes de funcionamento dun dispositivo para atención e acollida a mulleres vítimas de explotación sexual e trata.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A entidade Cáritas Diocesana de Ourense conta cun dispositivo de acollida, único destas características na provincia de Ourense, destinado á atención integral a mulleres vítimas de explotación sexual e trata no que se lles presta acollida, axuda e asistencia directa, procurándolles un apoio na busca de solucións dos conflitos que derivan da súa situación específica; e dentro dese dispositivo dispón dunha vivenda de seguridade, destinada a facilitarlles ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación dun espazo de reflexión previo á denuncia que resulte suficiente para que a vítima poida restablecerse e escapar á influencia dos traficantes e/ou poida decidir, con coñecemento de causa, a súa cooperación coas autoridades competentes.

A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio con Cáritas Diocesana de Ourense para o financiamento dos gastos correntes de funcionamento do dito dispositivo de atención a mulleres vítimas de explotación sexual e trata.

A concesión directa da subvención a través deste convenio se efectuará ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto



11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de explotación sexual e trata un servizo integral, de atención, apoio, acollida e de recuperación tendo en conta a especial vulnerabilidade na que se atopan e Cáritas Diocesana de Ourense conta cun dispositivo destas características na provincia de Ourense, no cal dispoñen dunha vivenda de seguridade destinada a facilitarlles ás mulleres que deciden abandonar a situación de explotación un espazo de reflexión previo á denuncia, no que poidan restablecerse e escapar á influencia dos traficantes e/ou lles axude a decidir, de ser o caso, a cooperación coas autoridades competentes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

